

Os dous tomos da *Poesía galega toda* de Xosé Carlos Gómez Alfaro chegan felizmente ao público lector galego. E fanno da man do Pen Clube na súa fermosa e xa importante colección "Arte de Trobar". Todos os amantes da poesía debemos celebrar esta regalía. A figura de Xosé Carlos Gómez Alfaro ficou nun segundo plano por empeño propio. O escritor ribeirao sempre rexeitou o mundanal rúido, a foguetada de feira da fama, a literatura concebida como pose ou como postal para as crónicas de sociedade. Pola contra, desde os seus inicios quixo permanecer no silencioso papel do literato que procura a palabra precisa, que esculca entre a inspiración e a intelixencia ese achado de ouro que dignifica o seu oficio e catapulta o seu verso cara ás alturas. Os dous volumes que agora comentamos confirman unha obra verdadeiramente grande (no duplo significado des-

Grande en calidad

Da poesía de Gómez Alfaro

ROMÁN RAÑA

Xosé Carlos Gómez Alfaro

Poesía galega toda I
1996-1999



te termo: grande en extensión, 275 páxs o primeiro tomo; 318 o segundo; e grande en calidad).

O tomo primeiro com-

prende a producción que vai desde o ano 1996 (cando deu ao prelo *As labaradas da lembranza*) até 1999 (ano que viu a luz *Ofertorio de solpores*). Aquí xa atopamos un feito determinante na súa pluma: a morte do seu fillo Carlos. Este acontecemento esgazador vai marcar un antes e un despois na súa traxectoria literaria inclinando a súa lira cara á elegía. Mais, convivendo con este desconsol, fulgarán nas súas páginas o amor á súa amada Rosa Berta e ás terras do Ribeiro que, xunto coa vila da Guarda, serán as dúas matrizes do poeta. O seu discurso encherase dun léxico exuberante tan barro-

camente ribeirao que mimetiza a paisaxe dos viñedos nativos e a emparenta coa barroca rompente das ondas sobre as rochas e as areas.

O segundo volume vai desde o ano 2000 (ano da publicación de *Pasos cara á alba*) até o 2009 (en que sae do prelo, precisamente nesta edición, o poema inédito *Alta luz*). A poesía de Gómez Alfaro diversifícase. No territorio case sempre do soneto, fala con un Deus que é implorado e, ao mesmo tempo, denunciado pola súa pasividade ante o sufrimento humano. O noso poeta nunca será indiferente á dor dos desfavorecidos, ás penalidades dos necesitados. Daí manan versos aceirados contra o franquismo, pola democracia e a xustiza social, contra as guerras, a violencia e o imperialismo. Noutras ocasións, Deus supón un desejo de paz e transcendencia que sempre está disposto a proclamar. A presente edición, cun epílogo de Xesús Alonso Montero, uns marabillosos cadros de Virxiliano na cuberta e unha coidada maquetación, resulta absolutamente espléndida.

GÓMEZ ALFARO, X.C.,
Poesía galega toda, Ed. Pen
Clube/Caixanova PVP14 €